ANUÁRIO INTERNACIONAL DE COMUNICAÇÃO LUSÓFONA

Ano I, nº 1, Abril de 2003

2003

LUSOCOM - Federação Lusófona de Ciências da Comunicação

O Anuário Internacional de Comunicação Lusófona 2003 aborda os seguintes temas e questões da comunicação lusófona:

- **Lusofonia: proposta para a reinvenção de uma comunidade**
Benalva da Silva Vitorio

- **A Comunicação Social em Moçambique: da independência à liberdade**
Eduardo Namburete

- **Galiza: os "estados xerais" da cinematografia e do audiovisual**
Margarita Ledo Andión

- **Cidades Digitais - o novo "urbanismo" potencial catalisador da lusofonia**
Lídia Oliveira Silva e Jorge Trinidad Ferraz de Abreu

- **Os Media Regionais em Portugal**
Alexandra Figueiredo, Francisco Rui Cádima e Zélia Martins

- **Retrato em Branco e Preto da Televisão Brasileira**
Sérgio Capparelli e Suzy dos Santos

- **Trajetória Acadêmica do Jornalismo Científico no Brasil: iniciativas paradigmáticas do século XX**
José Marques de Melo

LUSOCOM - FEDERAÇÃO LUSÓFONA DE CIÊNCIAS DA COMUNICAÇÃO

Entidades associadas:
ANGOCOM - Associação Angolana de Estudos de Comunicação
AMESCOM - Associação Moçambicana de Estudos da Comunicação
ASGIP - Asociación Galega de Investigadores en Comunicación
INTERCOM - Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares da Comunicação
SOPCOM - Associação Portuguesa de Ciências da Comunicação

Galiza: os "estados xerais" da cinematografía e do audiovisual

Resumo

Decrarado sector estratéxico polo Parlamento de Galicia (Lei do Audiovisual 6/1999), o audiovisual adequire públicamente entre nós o estatuto de ben patrimonial, sitúase entre os productos que nos explican como colectivo e entre os emprendementos que desempeñan unha función central tanto a nivel económico como expresivo. Por iso decidimos tratalo a traverso da carga simbólica que comporta o termo "Estados Xerais". O audiovisual, espacio de relación dunha sociedade consigo própria e cos outros, tén asemade, para a Universidade e en concreto para as Ciencias da Comunicación, unha importancia sigular ao entrelazar o coñecemento coa creatividade (o que outrora anomeamos arte) e máis coa súa aplicación á industria que é, non nos levemos a engano, a dominante na que se está a teimar cando se fala desta instancia como "sector estratéxico". É neste percurso no que temos involucrado o artellamento dun Observatorio do Audiovisual, ODA, en calidade de centro de datos para a formación e o estudo dos productos da industria cultural, e dende o que desenvolvemos proyectos que reenvían as nosas propostas e análises á sociedade galega e, dende ela, aos diversos escearios do sistema-mundo, entre eles o da lusofonía que, aquí e agora, nos congrega.

Palabras-chave

Galicia, Producción Audiovisual, Industrias Culturais, Políticas de Comunicación.

Margarita Ledo Andión

Profesora catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Santiago de Compostela. Presidenta da Asociación Galega de Investigadores en Comunicación (ASGIP)

Galiza: os "estados xerais" da cinematografía e do audiovisual

Margarita Ledo Andión
(Universidade de Santiago de Compostela, Galiza)

O audiovisual, sector estratéxico que produz e difunde obras configuradoras da industria da comunicación e da cultura está a ser albo de repetidas decraracións institucionais entre nós. Os 'estados xerais' da cinematografía e do audiovisual aparecen, así, como unha nódoa a descifrar e preocupan a aquelas olladas que tratan de aprofundar o coñecemento de determinados elementos dende o momento no que acollen o rango de estructurais nunha sociedade e sen os cais esa sociedade deixaría de ter mecanismos de relación e de reproducción. O caso da sociedade galega cadra con este tipo de situación problemática, unha sorte de 'ser ou non ser' hamletiano, que deslizou a súa pantasma ate o mesmísimo texto da Lei do Audiovisual (Lei 6/1999 de 1 de setembro), aprobada por unanimidade no Parlamento autónomo.

O audiovisual accedeu, na forma, a un estatus novo, de esgo patrimonial, no que a lingua da versión orixinal, o galego, funcionará como o primeiro indicador dun proceso de asunción por parte dos actores directos – compañías productoras, exhibidoras e emisoras amáis dos receptores – desta diferencia fundamental que comportan os bens culturais, bens que en ocasións nos levaron a rotulalos sob o signo da identidade como reclamo, como modo de facérmonos ver, e como mercado, como un valor engadido no tránsito polas relacións comerciais.

Operador no meio dun suxeito colectivo e resultado da trama concreta que o vai materializando, tal e como acontece noutros muitos países da Europa, no caso galego estas pasaxes entre valor simbólico, valor de cambio e valor de uso acompáñase e axúdase na

existencia dunha empresa pública de radio e televisión, en curto a TVG, que asume o papel de dinamizadora para a producción e de garante da programación e distribución das obras. Porque tamén a TVG, financiada a traverso dos orzamentos da Comunidade autónoma, xustifícase nesta súa función política, como ámeto de expresión e como necesidade democrática, como espacio posíbel da práctica da liberdade de expresión.[1]

O audiovisual, espacio de relación dunha sociedade consigo própria e cos outros, tén asemade, para a Universidade e en concreto para as Ciencias da Comunicación, unha importancia sigular ao entrelazar o coñecemento coa creatividade (o que outrora anomeamos arte) e máis coa súa aplicación á industria que é, non nos levemos a engano, a dominante na que se está a teimar cando se fala desta instancia como 'sector estratéxico'. É neste percurso no que temos involucrado o artellamento dun Observatorio do Audiovisual, ODA, en calidade de centro de datos para a formación e o estudo dos productos da industria cultural.[2] Dende a experiencia deste emprendemento, o dilema primixenio que se albisca cando pomos na area pública a análise dun obxecto tan común coma o denominado 'producción cinematográfica e audiovisual' é, precisamente, esta contradicción angular entre o seu rol económico, os programas para a racionalización e rendibilidade dos investimentos e a súa función, en positivo ou en negativo, como constitutivo dunha nación e do sistema-mundo.

Problemas de sentido co mesmo vocabulario

Nodal na economía e na cultura, polo tanto na política, co xenérico **audiovisual galego**, tal e coma se utiliza nos sucesivos informes que dende o bienio 1997-1998 fai públicos o Obsevatorio do Audiovisual, ODA, estamos a falar da relación entre tres actores: as empresas ou sociedades de producción coa súa sé na Galiza, os progamas institucionais para a comunicación que dependen da política autónoma galega, da española e mais da europea, e os productos,

o que en curto se chaman os **contidos**, e que é a materia real sobre a que se constrúe a cultura, é dicir, os bens cos que se obtén visibilidade e rendibilidade, alén da andamiaxe que soporta o recoñecemento que academos por parte de países, de suxeitos e de proxectos que teñan a ver cos escearios da munidalización.

Cando se puxo en marcha ODA, vai parta cinco anos, a existencia material do sector, por unha banda, e máis a súa necesidade, pola outra, mergullábanse cun contexto doado de identificar: concentración na industria dos media, converxencia tecnolóxica e medidas de desregulación. O medo á desaparición pulou para o seu campo pola lóxica da razón política e cultural, é dicer, por unha certa misión en defensa da cidadanía e no seo dunhas coordenadas que só se xustificarían asumíndose como un operador da diversidade, diso tan complexo -quizaves por urxente- que está a servernos de campo de probas para novos conceptos que abranxen a pluralidade de culturas, países, persoas e fenómenos ou manifestacións de fenómenos, nun mesmo espacio de construcción dun sistema-mundo que non pase por excluir e aniquilar como nova regra universal. Interese económico e lóxica política, ambas as dúas estarían configurándose no cruzamento entre a producción e máis a difusión, entre cal producción e a traverso de cales espacios de circulación, no cerne de bens que representan a oposición a un polo único de matriz usamericana sobre a conciencia encrequenada do mundo contemporáneo.

No seguemento deste idearium democrático de primeira xeración, o que comezamos a chamar "estados xerais da cinematografía e do audiovisual" funciona como paradigma do sistema mediático en Galiza e como lugar no que se poden detectar custións consontes á regulación, aos compromisos decrarados dende as políticas públicas e, tamén, unha marcada tendencia ao disimulo das eivas e ao encubrimento dos problemas ao abeiro da apariencia do crecemento cuantitativo do sector.

No nivel normativo, ao pé da modificación da directiva europea "Televisión sen fronteiras" que, alén da regulación de cotas de programación de obra europea e de producción independente trouxo canda ela a introducción dunha taxa de investimento do 5 por cento,

para longametraxes e telefilmes, sobre da conta de explotación anual dos operadores de televisión, no caso galego o desenvolvemento da Lei do Audiovisual supuxo á creación do Consorcio do Audiovisual (setembre de 2002), coa finalidade de potenciar, dende o eido institucional o sector, acometer programas específicos e estudar as medidas prioritarias para aqueles problemas crónicos que se veñen detectando arredor do cine e dos productos audiovisuais, entre eles o dos mecanismos de avaliación da calidade dos proxectos para seren subsidiados, a promoción e distribución das obras, e a consideración, de seguírense as recomendacións ao Goberno galego do CES, Consello Económico e Social de Galicia, (xuño de 2002), da área da lusofonía como un circuito cenetral. Sobrancea, tamén, na proposta final do CES, o arredamento e diferenciación que fai este orgaismo entre telecomunicacións e audiovisual en base, precisamente, do carácter cultural da producción do segundo, marcada polo aspecto lingüístico que "non debe ser considerado un punto débil" e que, a traverso do aínda sen estrear *cluster* do sector, podería convertirse nunha vantaxe competitiva, tal e como recolle Ana I. Rodríguez no seu relatorio para o Observatorio.

Sector económico estratéxico e tamén espacio de observación para ir desvelando os indicadores que nos fan partícipes do devalo cara a sociedade da información, o audiovidual galego, no seu conxunto, compórtase dentro dos parámetros xerais das PEMES (pequenas e medianas empresas) e supera a media no uso do comercio electrónico (B2B) ou en ter dominio próprio na web así como na frecuencia de renovación de equipamentos. Porén, e de modo contradictorio, está recuado canto a tecnoloxías de conexión e en determinadas aplicacións que aconmpañarían as necesidades de intercambio dos seus productos poisque somente un 13 por cento das empresas emiten as súas realizacións, ou a demostración das mesmos, en *streaming*, segundo o informe elaborado para ODA por Xosé Pereira.

Achegándonos, xa, aos contidos e facémolo dende o derradeiro informe sobre os "estados xerais" (bienio 2001-2002). Así, cómpre sinalar que pola primeira vez traballamos cunha variante

cualitativa para a producción, amáis da lingüística, que define como obra galega só aquela cuxo capital maioritario sexa de Galiza. Correximos, deste xeito, un desvío voluntario que incluimos no anterior bienio, 1999-2000, en que faciamos convivir no catálogo as produccióǹs de outros territorios que contasen con participación de capital galego. Pero aínda que numéricamente o repertorio viuse aumentado, e vimos aparescer na lista de directores e directoras nomes de outras cinematografías como os de Isabel Coixet, Miguel Litin ou Gonzalo Tapia, o estado xeral se desdebuxaba e encubría as feridas que, neste novo informe, xa se fan sentir: non anda a medrar a producción final – anque o número de proxectos abertos sexa considerabelmente maior – e unha alta porcentaxe de longametraxes. non se estreian nos circuitos comerciais.

Sabiamos que non era un ano bon para realizar este tipo de axuste. Pero a necesidade de afinar o disgnóstico sobre o sector nun intre no que o Consorcio do Audiovisual se dispón a dictar as cen primeiras medidas, recomedounolo así. Non era un ano bo, diciamos, porque precisamente un filme de grande sucedo, *Os luns ao sol,* de Fernando León de Araroa, rodado na cidade de Vigo é co-producido pola TVG, é candidato ao Oscar e levará varios Goyas na vindeira edición. Mais tamén por iso, por respecto a cadansúa cinematografía e á obra de Fernando León, honrámonos, como suxeito colectivo, de termos participado na súa producción pero non poderíamos ensumila no *label* da nosa cinematografía.

As reaccións institucionais, por esta e por outras diferencias, foi por unha vez imediata e a Xunta de Galicia contestou os datos do Observatorio sen pararse a lér nen os criterios nen as s categorías coas que sistematizamos o qué se fai, cómo se fai, quen o fai, con qué se fianancia, quen e onde se ve... A présa institucional en asegurar que dende a Consellería de Cultura – a división equivalente a un Ministerio no Goberno autônomo – o investimento en audiovisual subira no bienio 2001-2002 de 2,2 millóns de Euros a más de 4, unha cifra que non chega a representar nen o dez por cento dos invetimentos na producción, ou incluir grande cantidade de videos escolares como obras estándar, son un síntoma que segue a constatar tanto a

importancia política do audiovisual como a tendencia ao encubremento das causas do seu *cul de sac*.

O producto listo para entrar en circulación, e producto de stock (no de fluxo), de ficción, animación e documental, coas subdivisións pertinentes por duración, xénero ou temática, constitúe o groso do material a artellar e cruzar entre sí, con entradas dende apartados que teñen que ver coas modalidades de producción, o tipo de obra, os custes por hora, o formato, a lingua da V.O. e tamén a promoción e explotación das mesmas, máis premios e asistencia a festivais..

Da análise comparativa co bienio precedente sobrancea o aumento da co-producción como fórmula – propiciada pola TVG – fronte a outra menos profesionalizada que se viña identificando como "producción propia externa" e que consistía, directamente, mnun encárrego. A consciencia de se movimentar por entre a construcción da sociedade da información e do coñecemento, usando as ferramentas da sociedade da información e concebindo productos para os modos de circulación e de utilización en termos da sociedade da información é o apartado novo desta edición e un dos que resulta máis prometedor. Por fin, o desenrolo normativo dende as institucións semella que comezou a súa andaina. Porén, ao igual ca outras cinematografías europeas periféricas, a corda frouxa sitúase no eido da exhibición, na imposibilidade de furar as filtraxes dos circuitos comerciais que, no caso galego, rebaixa a nosa visibilidade cinematográfica cáseque a cero. Na fin do 2002 das oito películas para cinema rematadas no bienio estreáranse só o cincuenta por cento e circunscrébense, prácticamente, ao circuito de salas da Galiza. Neste mes de xaneiro estréanse máis dúas. Agás para o filme de animación, que pasou dos cino centos mil espectadores, a media fica por embaixo dos cen mil.

As cifras e outras sinais

No bienio 2001-2002 realizáronse en Galiza setenta e cinco productos, dos que trinta e oito foron de ficción – cinematográfica e

televisiva –, trinta e cinco documentais e dous de animación. No grupo da ficción sobrancean, cuantitativamente, as curtametraxes (12), as series para televisión (10), as longametraxes (7), os filmes para televisión (7) e unha mediametraxe. No apartado que corresponde ao documentario contabilízanse oito series e vintesete obras únicas. Para animación, apenas unha curtametraxe de 11 minutos e, mención especial, a superproducción – sen precedentes na Galiza – de 1hora e 47 minutos O bosque animado, cun custe por hora de 2.645.101 Euros, moi superior á media do custe de hora de ficción, que se situaba nos 674.313 Euros.

Co drama e sucedáneos, incluido o melodrama, como xénero predominante para a ficción e co documental de estilo xornalístico ou histórico, o 67 por cento da producción tén como destino a televisión pública galega, que fará, asemade, de distribuidora para outros emisores, e tan só o 12 por cento pensa na súa saída en sala. Como formato, a tendencia aponta cara a longametraxe e a o movie para televisión.

A co-producción, como avantamos, representa o 44 por cento; é a modalidade de todas as longametraxes, onde as compañías procuran a alianxa loxística e financieira doutras productoras e de operadores de televisión (Vía Digital, Sogecable, Canal + ...), e é a fórmula dos telefilmes da FORTA, a Federación das radio-televisións autonómicas, e tamén das docuseries e documentarios realizados para a TVG polas empresas galegas. Grande relevancia tén, asimesmo, a producción propia, categoría que agrupa a producción independente, singularmente para curtametraxes, e algúns productos da própria TVG, e que chega a representar o 39 por cento do total.

Tocante ao número de horas, redondeamos 390 para ficción, 79 para documentario e 2 horas para animación, das que o 60 por cento teñen como lingua de V.O. o galego, cun lixeiro aumento para os productos que usan o inglés como lingua de rodaxe. A respeito da lingua, a súa presencia débese a causas legais – é necesaria para obter subvencións das insitutcións galegas – e a que o destino único para unha grande parte é a audiencia da TVG. Porén, cómpre sinalármos que diminúe o número de producción que foron dobra-

das ou subtituladas noutras linguas, mesmo as dobradas ao castelán que descende dun 6 a un 3 por cento, ou as dobradas ao galego, cunha baixa signficativa do 14 ao 6 por cento. Declina, asimesmo, a porcentaxe de obras subtituladas en castelán, do 10 ao 9 por cento, e non se rexistra no periodo analisado ningunha producción subtitulada ao galego.

No eido da promoción, Internet emerxe coma o canle preferencial ao pé da publicidade convencional, e a cativa porcentaxe de obras que tiran beneficio dalgún tipo de promoción indícanos o pouco interese das empresas en investir en *marketing* ou en movimentar as súas producciónS por feiras e festivais. Tamén neste caso é a televisión pública quen leva o seu catálogo a algúns dos mercados. Canto á diversificación de soportes, un 13 por cento das obras edítanse en video doméstico, somente un 6 por cento son explotados a traverso de Internet e un testemuñal 1 por cento faise en CD-ROM. A feiras e festivais acoden un 16 por cento das obras, nomeadamente do ámeto español, aparecendo tamén Portugal e Brasil como destino-testemuño dalgunhas das longametraxes.

Con participación galega contabilízanse algúns productos relevantes como o devandito *Os luns ao sol, El Misterio Galíndez, Los sin nombre,* amáis do documentario *Machín, toda una vida e a curtametraxe El barbero ciego*. Para alén do filme de animación *O bosque animado,* de Manolo Gómez e Angel de la Cruz, no periodo 2001-2002 estréase *Días de Voda*, de Xoán Pinzás, *As Belas Durmintes* de Eloy Lozano, *El alquimista impaciente* de Patricia Ferreira. En xaneiro do 2003 chegan a sala *13 badaladas*, de Xavier Villaverde, e máis *Ilegais,* de Ignacio Vilar.

A pesares de certa estabilidade e diversidade na producción, do incipiente desenrolo lexislativo, da estandarización de fórmulas de producción, a especialización en series televisivas por parte de dúas das empresas de maior tamaño do sector e a concentración dos proxectos en curso nun número limitadísimo de compañías, indican, outravolta, a fraxilidade da industria da cultura en Galiza e deixa á nosa frente unha liña de sombra, a da invisibilidade nos circuitos de exhibición extra-galegos a cinguir o futuro do audiovisual polo van. *O*

bosque animado, o filme de animación que mellor circulou, gañador de dous Goya, premiado no Fantasporto e polas dúas asociacións de productoras e de empresas do audiovisual da Galiza, AGAPI e AEGA, ten que ser visto separadamente, poida que non como un canto de sirea, mais ogallá que tampouco como o canto do cisne.

O recurso á pesquisa ou a pesquisa como recurso

Provocar o incremento do debate acadêmico e sua extensao para o âmbito das atividades profissionais/empresariais da comunicaçao dos países e comunidades de cultura luso-galego-ásio-afro-brasileira, a cláusula segunda do Protocolo de Cooperación para a estructuración da Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación (Lusocom), asinado en Maputo-Moçambique a 16 de abril de 2002, por asociacións de investigadores de comunicación de Angola, Brasil, Galiza, Mozambique e Portugal, fálanos dun proceso en curso e fálanos, singularmente, dunha extraordinaria posibilidade para intervirmos, como un activo e como una variante de interese, no sistema-mundo, nomeadamente dende o ámeto da industria cómo aplicación da pesquisa e das recomendacións de carácter científico.

Como adoito acontece na historia, a idea precedeu á súa posta en práctica; a necesidade creou un certo estado de conciencia; o pensamento encol da diversidade e a política europea da excepcionalidade cultural, que nós aplicamos ao eido da cinematografía e do audiovisual, permitíunos levar avante un debate que cristalizou na devadita federalización.

Neste senso, o primeiro sinal podemos localizalo en 1998 por entre as conclusións do II Coloquio Brasil-EE de Ciencias da Comunicación, celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela[3] , singularmente na 2, 3, e 4, que de maneira explícita refírense á creación dunha asociación iberoamericana de comunicación – o que despois será Assibercom – , menciona a promoción dunha feira/festival de productos de

comunicación - que non chegou a se proxectar - e recomenda un meirande contacto da producción cultural do Brasil, Portugal e Galiza, comprendendo programas televisivos, ficcións seriadas e outras realizacións de interese público. Os dados, aínda que ao azar, xa estaban botados.

O espacio luso-galaico-asio-afro-brasileiro poderá signficar, xa que logo, un modo de intervir activamente na definición dun proceso no que estamos, queirámolo ou non, imersos e no que estamos imersos dende unha área xeo-lingüística e pluricultural específica que nos identifica e que podería funcionar como un valor engadido ou, pola contra, de seguer escoando, diluirse sen se deixar ver nin ouvir, sen sequer chegar a se deixar sentir. Como perda de nós.

Mantemos, pois, como inevitábel, a continuidade de proxectos de integración trans-rexional, como o de Galiza-Norde de Portugal, pero reclamamos a asunción doutras modalidades de integración discontinuas – sen fronteira física – como a que vimos plantexando para a conexión das empresas cinematográficas, audiovisuais e multimedia de diferentes países mediados pola diferencia cultural e unidos polo sistema lingüístico, tanto para a creación de valor da súa producción e dos seus arquivos como para o impulso, en suma, dun certo efecto clustering no interior dun mercado global de rápidas mudanzas e de altísima competitividade, para contribuir a crear condicións favorábeis ao desenrolo do intercambio, a co-producción e a difusión a partires, tamén, dunha diferencia, a da lusofonía, que non remata na raia nen en Braga.

Sempre convén lembrar, sen señardade, o sucedo duna serie televisiva da sobremesa, aló no 1985, cando principiaba a TVG: A escrava Isaura. Feita no Brasil. É o mesmo parágrafo co que concluímos un texto recén para a revista Tempo exterior en torno á Galicia da diáspora e a un futuro intercultural no que entren os "estados xerais".

Citações

1 Cómpre, porén, remarcar que cando un orgaismo con responsabilidade material e moral, como o que lle corresponde á TVG, deturpa o seu cometido, a crítica debe remarcarse en cada ocasión. Referímonos ao que o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza chamou "apagón informativo" dos medios de comunicación públicos dende que comezou a traxedia do buque afundido fronte das nosas costas, e ás denuncias de represión e censura que redactoras e redactores da televisión fixeron chegar, por diferentes canles alternativas, á sociedade.

2 Os informes e catálogos poden consultarse no sitio http://www.usc.es/oda.

3 Krohling Kunsch, Margarida e Ledo Andión, Margarita, *Comunicación Audiovisual: Investigación e formación universitarias*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 1999.